





# SERRA DO SUÍDO (sur)

Adela Leiro, Mon Daporta  
maio 2023



Distancia: 17 km (lineal)  
Dificultade: media



- 6-Puzas (1025 m)
- 7-Coto dos Xarotos (1018 m)
- 8-Coto Miñoto (1046 m)
- 9-Sesta Cerrada (1056 m)
- 10-Laxa dos Números (1051 m)
- 11-Cotos Cornudos (1037 m)
- 12-Portiño Escuro
- 13-Bidueiros (943 m)
- 14-Pedra Partida (898 m)



Na serra do Suído podemos atopar catro especies de amareles: *Narcissus bulbocodium*, *N. triandrus*, *N. cyclamineus* e *N. Pseudonarcissus*



Penedos no cume da Pena Partida

Un percorrido pola serra do Suído, en terreos de Ourense (concellos de Avión e Beade) e Pontevedra (A Lama e Fornelos de Montes). Nunha área que ten un enorme interese paisaxístico, xeolóxico, biolóxico e etnográfico, ocupada nunha grande parte por aeroxeradores.



Para completar a travesía da serra do Suído achegámonos ao **Puza** desde o sur, pódese facer pola Graña (Covelo), pola Airoa-A Laxe (Fornelos de Montes), por Pigarzos-A Xesta (A Lama) ou por Rodeiro (Avián), para subir até o límite provincial no **Outeiro Malato** onde comezamos entrando pola pista dos xeradores eólicos para logo optar por seguir polo trazado do límite provincial ou ir un pouco máis alá para coller unha pista ampla que nos leva ao pé do cumo ao que subimos, despois de deixalo un pouco atrás, por carreiros do gando ou polo camiño do límite provincial. Desde alí volvemos á estrada onde imos á esquerda para, nun desvío de 500 metros ida e volta, poder ver os **chozos de Mangüeiros**. Voltamos, e seguimos pola beira da estrada até o cruce coa que sube desde a Graña onde temos á dereita un prado no que se xuntan as primeiras augas do **río Xesta** e un pouco máis alá, á esquerda da estrada, unha liña de aeroxeradores, pola que podemos facer un desvío (4 quilómetros ida e volta) para ver o **curral do coto dos Xarotos** e o **foxo do lobo da Xesta**; para iso temos que percorrer a liña de xeradores e seguir polo camiño que sae do último que pasa ao pé do curral e tamén nos leva ao foxo do lobo. De volta na estrada baixamos por ela cara á Graña até acadar outra estrada, á dereita, que vai á Airoa - atopámonos no **porto de Valdohome**, un punto de interese ao pé dos cumes de máis altitude da serra e da **Fonte Avia** onde nace o río Avia-. Desde aquí podemos subir por carreiros do gando ao **coto Miñoto**, aínda que é máis doado seguir pola estrada cara á Airoa até acadar, á esquerda, unha pista do parque eólico cun indicador de **casa de San Bernabé**, por ela gañamos altura para situarnos nunha pequena chaira entre os tres cumes máis altos da serra, á esquerda da pista o coto Miñoto (1.046 m) -onde coinciden os lindes dos concellos de Fornelos de Montes, O Covelo e Avián-, á dereita o **Sesta Cerrada** (1.056 m) e ao pé do último xerador a **Laxa dos Números** (1.051 m) e, tamén á esquerda, por debaixo da **área de lecer** que hai entre o Coto Miñoto e a Laxa dos Números, podemos ver a **casa de San Bernabé**. Seguindo pola pista pasamos entre os **Cotos Cornudos** (1.037 m) e imos perdendo altura até baixar á estrada, no **Portiño Escuro**. Na estrada imos un anaco á dereita, en subida, para coller de seguida unha pista á esquerda pola que camiñaremos un bo treito para chegar á **Rega Grande** e aos **Foixos**, o grupo de xeradores máis ao oeste, desde ese alto temos debaixo o **foxo do lobo de Campo**. Imos á esquerda para poder baixar por un camiño que sae un anaco antes de chegar ao último xerador. Cando chegamos á pista de abaixo imos á dereita e ao pouco atopamos outra pista á esquerda, o **camiño de Laxiñas**, polo que segue a nosa travesía, pero aproveitando onde nos atopamos facemos un desvío, -continuamos dereito até o foxo do lobo para velo de preto e seguir até o cumo do **Bidueiros** pasando polas nacentes do **rego de Piñeiro**, que arranca no **chan do Bidueiros** onde veremos un **curral** e uns **chozos**, e desde alí, por carreiros do gando, ata o cumo, desde o que hai unha ampla panorámica de 360º sobre toda a contorna. O desvío ao foxo do lobo e ao cumo do Bidueiros son uns 7 km ida e volta-.

A andaina polo Camiño de Laxiñas é doada, cun longo tramo case chan que transita pola beira de brañas e pasteiros nos que sesteia o gando, co que logo nos atopamos ao pé da **Pena Partida** o noso punto final ao sur da serra, desde onde esta cae ate o **río Tea** con desniveis de case 500 m. Ten fermosas panorámicas da serra cara ao norte e do val do Tielas cara ao sur.

O percorrido lineal entre o cumo do Puza e o cumo da Pedra Partida é duns 17 km, mais pódense aforrar uns quilómetros facendo en coche, coas paradas que se considere, os tramos de asfalto e o percorrido polas pistas dos parques eólicos.



Cumes do Suido desde o Puza; á dereita o Coto dos Xarotos



Chozos de Mangoeiros



Curral no cumo do Coto dos Xarotos



Laxa dos Números (1051 m)





Laxa dos Números (1051 m)



Coto Miñoto desde a Laxa dos Números.  
Por debaixo da área de lecer que hai entre o  
Coto Miñoto e a Laxa dos Números,  
podemos ver a casa de San Bernabé



*Gagea nevadensis*



Sesta Cerrada



A Xesteira





Foxo do lobo de Portela das Travesas



O lobo é raro de ver pero pódense atopar os seus rastros



Foxo do lobo de Pigarzos



Chozo en Portela das Travesas



Bidueiros (943 m)



Chozo de Bidueiros



Chan de Bidueiros





Vista cara ao oeste desde o cume do bidueiros



Campo de *Narcissus pseudonarcisus*



Chan do Bidueiros nas nacentes do rego de Piñeiro



Chozo no Chan do Bidueiros





Braña no camiño das Laxilñas



Pedra Partida (898 m)



Vista da serra desde  
Pena Partida